

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 23 DE XUÑO DE 2022

SEÑORES ASISTENTES:

ALCALDE:

Don Rubén P. Quintá Quintá

CONCELLEIROS:

Don Pablo Sobrado Vázquez

Don José Manuel Fernández Otero

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a vinte e tres de xuño de dous mil vinte e dous, reunidos en primeira convocatoria os señores concelleiros que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don Rubén P. Quintá Quintá, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto

convocada, e sendo as trece horas quince minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

### 1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 17 de xuño de 2022, foi aprobado por unanimidade dos Sres. concelleiros presentes.

### 2.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRAS DESTINADAS AO DESENVOLVEMENTO DUNHA ACTIVIDADE

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras destinadas ao desenvolvemento dunha actividade, presentada con data 11 de maio de 2022 (RE-E núm. 214), coas seguintes características:

DATOS DA SOLICITANTE

NOME E APELIDOS	GANADERÍA PROAS DARRIBA S.C.
DNI	██████████

DOMICILIO	LUGAR DA VILA, PARROQUIA DE RODEIRO
REPRESENTANTE	ADRIÁN CASTRO LÓPEZ
DNI	██████████

DATOS DA OBRA

OBXECTO	CAMBIO DA LONA DE CUBERTA CUNHA CORTE DE VACÚN
LUGAR	A VILA
PARROQUIA	RODEIRO
RFA. CATASTRAL DO INMOBLE	36047A083003590000PT
DOCUMENTO TÉCNICO	Memoria técnica e anexo redactadas polo enxeñeiro técnico agrícola Don Francisco Pérez Donsión, en datas 05/05/22 e 25/05/22
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN	8.950,00 €
PRAZO DE EXECUCIÓN	DENDE O DÍA 27/06/22 AO DÍA 10/10/22
INFORME URBANÍSTICO	SI (Informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 17/06/22)

DATOS DA ACTIVIDADE

ACTIVIDADE	EXPLOTACIÓN DE VACÚN
CÓDIGO REGA	████████████████████
TRÁMITE AMBIENTAL	EXENTO (Informe da técnica municipal de Medio Ambiente Dona Yolanda Aguiar Jorge, de data 26/05/22)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e no seu Regulamento (RLSG), e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG) e no Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos (RIAE), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 24.1 LECG, 11 RIAE, 146.1 LSG e 361.1 RLSG.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) pola cantidade de CENTO SETENTA E NOVE EUROS (179,00 €).

Cuarto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Quinto.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmovible, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación presentada.

### ***3.- CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL FORMATIVA PARA A OBTENCIÓN DA PRÁCTICA PROFESIONAL DUN (1) POSTO DE TRABAJO, AO ABEIRO DO PROXECTO “PRIMEIRA EXPERIENCIA PROFESIONAL”***

Dáse conta aos Sres. concelleiros asistentes que o día 17 de xuño do corrente rematou o proceso selectivo para a contratación laboral temporal formativa para a obtención da práctica profesional dun posto de traballo, na categoría de administrativo/a, segundo a convocatoria e Bases aprobadas por este órgano na sesión celebrada o día 1 de xuño de 2022.

O Tribunal cualificador do proceso selectivo, reunido en data 17/06/22, eleva a este órgano a seguinte proposta:

A contratación do/a aspirante que obtivo a maior puntuación total, segundo a seguinte relación:

### Administrativo/a

CANDIDATO/A	EXPEDIENTE ACADÉMICO	DOCTORAMENTO	MÁSTER	TITULACIÓN DISTINTA	CURSOS	TOTAL
SARA GARCÍA BÁRCENA	2,308	0	0	0	0	2,308
IGNACIO LÓPEZ GONZÁLEZ	2,248	0	0	0	0	2,248

Corresponde, en consecuencia, a contratación da candidata Sara García Bárcena.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes e de conformidade co proposto polo Tribunal cualificador, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación laboral, mediante un contrato formativo para a obtención da práctica profesional, polo prazo dun (1) ano, da seguinte traballadora:

### Administrativa

NOME E APELIDOS	DNI
SARA GARCÍA BÁRCENA	██████████

### RESERVA:

IGNACIO LÓPEZ GONZÁLEZ

Segundo.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para que asine o correspondente contrato de traballo e cantos documentos sexan necesarios para a efectividade do acordado.

## ***4.- CONTRATACIÓN DE DOUS/DÚAS (2) TRABALLADORES/AS AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA O FOMENTO DO EMPREGO E MELLORA DA EMPREGABILIDADE NO ÁMBITO DE COLABORACIÓN COAS ENTIDADES LOCAIS***

O Sr. alcalde informa aos Sres. concelleiros presentes que, de conformidade co acordado pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día 1 de xuño do corrente, procedeuse á realización do proceso selectivo

para a contratación de dous (2) postos de traballo de socorristas, subvencionados pola Consellería de Emprego e Igualdade, ao abeiro da subvención para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais.

De conformidade coas bases e baremo aprobados, o Concello procedeu a solicitar oferta xenérica ante o Servizo Público de Emprego (SPE) para a preselección dos/as candidatos/as aos postos de traballo ofertados (RS núm. 312, do 02/06/22). En resposta á oferta presentada, a Oficina de Emprego de Lalín enviou ao Concello a seguinte relación de candidatos/as:

Socorrista (oferta núm. [REDACTED])

- Cambeiro Cardelle, Alejandro
- Lois López, Uxía
- Maceira Cabaleiro, Manuel
- Méndez Sánchez, Inés
- Pereiro Taboada, Lorena
- Pérez Fernández, Gery Alejandro
- Rodríguez Vázquez, Tamara

De conformidade co establecido nas bases aprobadas, concedeuse aos/ás candidatos/as preseleccionados/as un prazo de cinco días naturais para presentar a documentación acreditativa dos requisitos, así como dos méritos a valorar no baremo. Durante o prazo concedido, presentaron a documentación os/as seguintes candidatos/as:

- Inés Méndez Sánchez (RE núm. 955, do 14/06/22)
- Cambeiro Cardelle, Alejandro (RE núm. 957, do 14/06/22)

A continuación, a Xunta de Goberno Local procedeu á comprobación do cumprimento por parte dos/as candidatos/as presentados/as dos requisitos establecidos nas bases, admitíndoos/as ao proceso selectivo.

Procédese deseguido á valoración dos méritos dos/as candidatos/as admitidos/as, co seguinte resultado:

CANDIDATO/A	CIRCUNSTANCIAS PERSOAIS	SITUACIÓN FAMILIAR	SITUACIÓN DESEMPREGO	FORMACIÓN ACADÉMICA	TOTAL
Inés Méndez Sánchez	1	0	0	3	4
Alejandro Cambeiro Cardelle	1	0	1	3	5

Visto o actuado e debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación laboral temporal a tempo completo, modalidade de mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, por un período de dous (2) meses, dos/as traballadores/as que deseguido se sinalan:

Socorrista (37,5 horas/semana)

NOME E APELIDOS	DNI
ALEJANDRO CAMBEIRO CARDELLE	██████████
INÉS MÉNDEZ SÁNCHEZ	██████████

Segundo.- Facultar ao Sr. alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

### ***5.- MODIFICACIÓN PARCIAL DO ACORDO DE ORGANIZACIÓN DA ACTIVIDADE “CONCILIA VERÁN 2022” DENTRO DO PROGRAMA CONCILIA RODEIRO***

Por acordo deste órgano, adoptado na sesión celebrada o día 8 de xuño do corrente, programouse a actividade “*Concilia verán 2022*”, establecéndose as características e normas para o seu desenvolvemento.

A proposta da concelleira-delegada de Igualdade, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros presentes, acorda modificar parcialmente dito acordo na forma que deseguido se sinala, mantendo a súa vixencia en todo o demais acordado inicialmente:

— Fíxase un máximo de 30 prazas en horario de mañá e de 20 prazas en horario de tarde.

— Establécese unha bonificación do 50 % do importe do prezo público correspondente para o/a segundo/a irmán/irmá inscrito/a simultaneamente na actividade. Asemade, a inscrición será gratuíta para o/a terceiro/a irmán/irmá e sucesivos inscritos/as simultaneamente na actividade.

## 6.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER S.A. 19.389,36 €  
Por consumos de enerxía eléctrica no Concello no mes de maio de 2022, s/recibos.
- NATURGY IBERIA S.A. 5.441,69 €  
Por consumos de enerxía eléctrica nas dependencias municipais no mes de maio de 2022, s/recibos.
- XUNTA DE GALICIA 1.308,11 €  
Por reintegro do remanente da subvención expediente núm. TR351G 2021/29-5, s/cargo.
- QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES S.A.U. 54,52 €  
Por prestación do servizo de teleasistencia domiciliaria a usuarios do Concello no mes de maio de 2022, s/factura núm. 22FNX0110263 (FACe).
- MAPFRE VIDA S.A. 901,87 €  
Por seguro anual dos usuarios do Punto de Atención á Infancia (PAI), s/recibo.
- SOCIEDAD COOPERATIVA MADRILEÑA DE FREELANCES 991,00 €  
Por clases de teatro en igualdade, s/factura núm. 22/1275 (subvención Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero).
- MANUEL MOREIRAS CALVIÑO 592,90 €  
Por traballos de pala no abastecemento de auga do lugar de Bardelás, s/factura núm. 10.
- COSAPLAG S.L.U. 49,59 €  
Por analítica de potabilidade da auga do abastecemento municipal, s/factura núm. 20221587 (FACe).

- GSÍ DOTACIÓN INDUSTRIAL S.L. 173,05 €  
Por subministro de roupa de traballo para traballador municipal, s/factura núm. FAC2206103 (FACe).
- LA VOZ DE GALICIA S.A. 314,60 €  
Por publicidade da iniciativa “Rodeiro de tapas 2022” no diario, s/factura núm. P22003973 (FACe).
- LA VOZ DE GALICIA S.A. 133,10 €  
Por publicidade da iniciativa “Rodeiro de tapas 2022” na web do diario, s/factura núm. I22000626 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as trece horas trinta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,  
(*sinatura dixital*)

O alcalde,  
(*sinatura dixital*)